

**Decreto N :16003766 DO 16/05/2016**

**BASES CONCURSO DECORACION DE ESCAPARATES DE ESTABLECEMENTOS ARDE LUCUS MMXVI**

**O Concello de Lugo , en colaboración coa Federación de Comercio de Lugo e coa Asociación Provincial de Hostaleiros de Lugo**

**ORGANIZADORES**

Premiaranse os escaparates dos establecementos comerciais e de hostalaría de Lugo mellor decorados e integrados na festa de Arde Lvcvs

**PRIMEIRA - OBXECTO**

O obxecto deste concurso á a distinción de ata un máximo de catro establecementos comerciais ou de hostalería, decorados con motivo do Arde Lucus, para promover a creatividade dos empresarios de xeito que os seus establecementos sexan mais atractivos e fomentar a participación na festa.

**SEGUNDA - AMBITO DO CONCURSO**

Poden participar neste concurso todos os establecementos comerciais e de hostalería que se encontren situados no termo municipal de Lugo.

**TERCEIRA – PREMIOS**

Establécese un total de catro premios para catro establecementos seleccionados por un xurado profesional, que poderán quedar desertos no caso de entender o xurado que non se reúnen os estándares mínimos para ser asignadas as distincións entre os participantes.

Os premios estarán suxeitos á correspondente retención de IRPF, e serán os seguintes:

- Primeiro premio para un establecemento de comercio: 800€
- Primeiro premio para un establecemento de hostalería: 800€ .
- Segundo premio para un establecemento de comercio ou hostalería: 400€ .

## **AREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCION DA LINGUA**

CBV/Mjp

Ref: XUVENTUDE

Asunto: bases concurso ESCAPARATISMO

- Terceiro premio para un establecemento de comercio ou hostalería: 200€ .

Os catro establecementos premiados serán publicados nos medios como gañadores do concurso. Non poderá ser premiado máis dun establecemento pertencente a unha mesma cadea comercial.

### **CUARTA - INSCRICIÓN**

As inscricións realizaranse do 16 ao 30 de maio de 2016, a través do Correo: [xuventude@concellodelugo.org](mailto:xuventude@concellodelugo.org) ,ou na Concellería de Xuventude no Centro de Convivencia Uxío Novoneyra, rúa Quiroga Ballesteros s/n en horario de 9 a 14.30 e de 16:30 a 19 h.Tlf: 982 29 74 96.

Para inscribirse, os datos a cumprir, obrigatoriamente, son: nome do titular do establecemento, nome do establecemento participante,NIF / DNI, dirección, teléfono, correo electrónico e páxina web (se a tivese). Coa inscrición, os participantes recibirán o seguinte: . Distintivo de "Escaparate de Concurso" para identificar o seu establecemento. Inclusión do nome do comercio, cun enlace á súa dirección, na web do Arde Lvcvs [www.ardelucus.com](http://www.ardelucus.com). Se envían unha fotografía, en boa resolución, tamén se inserirá a imaxe na páxina web.

### **QUINTA - PERÍODO DE EXHIBICIÓN**

Os escaparates terán que ser exhibidos, como mínimo, do 1 ao 19 de xuño de 2016.

### **4 - CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN**

Todos os escaparates terán que acreditar a súa participación situando, en lugar visible, o distintivo proporcionado pola Organización. A ausencia desta acreditación ou a intencionada dificultade para a súa localización implicará a descualificación do establecemento participante.

### **SEXTA – XURADO E VALORACIÓN**

O xurado estará integrado por tres profesionais: 1 fotógrafo/a, 1 decorador/a e 1 escapatista, que deberán valorar:

- Os materiais empregados, tendo un especial recoñecemento para os elaborados con material reciclado e/ou reutilizables.
- A dificultade do proceso de elaboración.
- A orixinalidade
- O emprego de elementos da propia actividade
- A ornamentación e a vistosidade do traballo realizado, sempre tendo en conta a temática do Arde Lucus

O fallo do xurado será inapelable e farase público.

#### **SÉTIMA – CESIÓN DE DEREITOS**

Os participantes ceden todos os dereitos de propiedade intelectual sobre os proxectos de escapatates e decoración dos seus establecementos, así como dos derivados das fotografías, vídeos, etc, efectuados sobre os mesmos, á efectos de ser difundidas nos medios de comunicación, redes sociais, webs, etc.

#### **OITAVA - DESCUALIFICACIÓN**

A inobservancia dalgunha destas bases producirá en canto sexa detectada pola organización, descualificación inmediata do establecemento neste concurso, sendo comunicada tal circunstancia ao interesado/a e debendo retirar o distintivo acreditativo de seu establecemento.

Lugo 29 de abril de 2016

**AREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCION DA LINGUA**

CBV/Mjp

Ref: XUVENTUDE

Asunto: bases concurso ESCAPARATISMO

A Concelleira Delegada de Área

A funcionaria adscrita a Xuventude

Asdo: Carmen Basadre Vázquez

Asdo.: M<sup>a</sup> José Pena Lage